


Os equipos da
Biblioteca e Dinami-
zación Lingüística
deséxanlles
un bo Nadal

Boletín Informativo da Biblioteca Fina Casalderrey


CEP Plurilingüe
Igrexa -valadares

Decembro 2011



DEVORADORES DE LIBROS





Este trimestre,
os máis devo-
radores, foron
os alumnos e
alumnas de 1ªA.



Estes son os seus libros preferidos



LIBROS MÁIS LIDOS



Os libros que máis éxito tiveron neste trimestre foron:

En terceiro lugar "Tento e maillo dente", no segundo lugar " El cartero simpático o unas cartas especiales" e o libro campión " El osito polar y el arco iris".



BIBLIOTECARIOS 2011-2012



GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN

ENTREVISTA Á PROFE AURORA

- Gústache o deporte?

Sí, algún.

- Practicas algún?

Sí, a natación.

- Gústache ler?

Gústame moito.

- Que tipo de lectura prefires?

Un pouco de todo: novela, poesía ...

- Cal foi o último libro que liches?

"Non hai noite tan longa" de Agustín Fernández Paz.

- Gústache ser a coordinadora da biblioteca

É unha experiencia enriquecedora na que aprendo un montón.

- Que é o mellor e o peor deste traballo?

O mellor é o trato con todos os nenos e nenas do cole ,o peor, é que teño pouco tempo para facer cousas.

- Estás contenta cos axudantes que tes este curso?

Sí, moi contenta, aínda que ao principio costou un pouco entender as normas.

- Que cousa cambiarías da biblioteca?

O espazo, faría máis grande, con máis libros, ordenadores ..

- Que che parece o tema do proxecto escolar deste ano?

Moi interesante, pois propón lectura e deporte, dúas actividades fundamentais para que sexamos felices.

- Cantos anos levas neste colexio e, en que curso empezaches cando chegaches?

Levo cinco anos, e empecei en primeiro.



ESTE TRIMESTRE PRESENTAMOS ...

APERTURA BIBLIOTECA


Tivemos sesións informativas e actividades para coñecer e desenvolvernos mellor na biblioteca. Puxéronse en marcha as "mochilas viaxeiras". Contamos cunha cortiza para expoñer noticias relacionadas co deporte.



OBRADOIRO DE PASTA DENTÍFRICA

O 21 de novembro, os alumnos de 4º participaron nun obradoiro científico organizado polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Traballamos o léxico bucal e as distintas partes do aparello dixestivo. Frases feitas, refráns, etc.



OBRADOIRO DE MARCAPÁXINAS

DÍA: XOVES (do 17 de Novembro Ó 1 de decembro.)

HORA: RECREOS

DESTINATARIOS: ALUMNADO DO 1º Cíclo



Definimos "marcapáxinas" e slogan".

Seleccionamos as cores e o formato e, recortamos.

Elximos o lema e escribimos con boa letra.
Decoramos cun debuxo relacionado co deporte.



Coloreamos con vistosas cores.

Pegamos todas as partes, e agardamos desexosos de empregarlos na nosa próxima lectura.

CULTURA E TRADICIÓN:

O martes 15 de Novembro visitáronnos Miguel e Fátima, un mestre percusionista e unha gaiteira. Ensináronnos diferentes instrumentos tradicionais galegos e tocaron algunhas pezas. Deixáronnos tocar con eles!



Entregáronnos un folleto explicativo e realizamos actividades na pizarra dixital.



MAGOSTO

A chuvia non nos impediu celebrar o magosto na escola:
Realizamos diferentes xogos tradicionais.
Cantamos todos xuntos unha cantiga .
Saboreamos as esperadas castañas.



CONCURSOS E EXPOSICIÓNS DE OUTONO

Exposición de cabazas con motivos deportivos.



Exposición de carteis sobre xogos tradicionais.



Mostra de caixas para castañas.



Concurso "Outono Literario"

Participamos na recopilación de refráns, adiviñas, receitas e poesías típicas do outono.



GAÑADORES

RECEITAS	ADIVIÑAS	POESÍAS	REFRÁNS
Gabriel 2º A	Aitor 2º A	Patricia 1ºA	Nayra 1º A
Fran 3º B	Victor 3ºA	Fran 3º B	Xosé Ramón 3º B
JéssicaDios 5º A	Roque 5º B	Carmen 5º B	JuanMéndez 5ºB

Concurso "Postais navideñas"




GAÑADORES


1º ciclo	2º ciclo	3º ciclo
Abigail Álvarez Davila 2ºA	Lara González Garrido 3ºB	Ruth Figueiras Fdez. 5ºA

Concurso "Outono Musical"

Escoitamos unha selección de música do noso panorama musical galego e, elaboramos un pentagrama cos seus nomes e fotografías.



Durante unha semana participamos nun concurso de música, con preguntas para cada ciclo.



GAÑADORES CONCURSO "OUTONO MUSICAL"

1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
Alexander Alonso 1º A	Xiana Pérez 4º B	Brais Rodríguez 6º A

Exposición "LECTURA DEPORTE DE AVENTURA" 1º Parte. "XOGOS OLÍMPICOS DA ANTIGA GRECIA"



Realizamos diferentes actividades en soportes variados: carteis, maquetas, libros, proxeccións audiovisuais, etc, sobre a orixe e características dos xogos olímpicos na antiga Grecia.

Aprendemos moitas cousas !

VISITAS CULTURAIS ...

Visitamos a Biblioteca do Centro Cultural de Valadares onde participamos na actividade "A caza do Tesouro".



CLUB DE LECTURA


O 13 de outubro tivo lugar unha nova xuntanza do club de lectura. Comentáronse as lecturas do verán e propúxose a lectura de dous novos libros: "Non hai noite tan longa" de Agustín Fernández Paz e "El tiempo entre costuras" de María Dueñas.

O 29 de novembro reuníronse de novo, comentaron as lecturas propostas e decidiron posibles nomes para o club de lectura.

A próxima xuntanza será o 7 de febreiro coa lectura de "Cien años de Soledad" de García Márquez e elixirase o nome do Club de entre as propostas máis votadas a través da próxima web do colexio.



COLOREA



Proxecto "LECTURA: DEPORTE DE AVENTURA"



PAXINAS WEB DE INTERESE

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigresavaladares/>
<http://www.telefonica.net/web2/efjuancarlos/mi%20Web%20Quest.html>
http://www.juntadeandalucia.es/averroes/ceip_san_rafael/juegos%20olimpicos/juegos_olimpicos.html

Os equipos de biblioteca e Dinamización Lingüística agradécenlle a toda a comunidade educativa (familias, profesorado ...) a súa colaboración na realización de todas estas actividades, sen a cal non poderían levarse a cabo.